

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000035.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 3 de setembro de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

LICENZASA URBANÍSTICAS

1. OUTORGAR A LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA NAVE INDUSTRIAL DESTINADA A MECANIZADOS, NA RÚA RAMÓN ALLER ULLOA, PARCELA B-4, DO PARQUE EMPRESARIAL AS GÁNDARAS, REFERENCIA CATASTRAL 7970101PH1677S0001WZ, SOLICITADA POR PEDRA BRANCA PATRIMONIAL, S. L. U. (2025/Y001/000115).

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA TRABALLOS DE CONSERVACIÓN DA MURALLA ROMANA DE LUGO 2025-2026, CON REFERENCIA CATASTRAL 7630501PH1673S0001JX; SOLICITADA POLA XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE. (2025/Y001/000222).

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3. CONCESIÓN DEMANIAL DE POSTOS DE VENDA NO MERCADO DE QUIROGA BALLESTEROS E NA PRAZA MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO. EXP. REF. 2025/C012/000001. ADXUDICACIÓN.

PERSOAL

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac367786463734083935.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3-9-2025

4. RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,